


**PATROCINAN**

XUNTA DE GALICIA

fechi

DEPORTE GALEGO

Deputación Pontevedra

JP SELECTION CARS

AON Empower Results®

BMF VEHÍCULOS DE OCASIÓN

**COLABORAN**

FIRO PARK

DRADO

TODOXUNTO


ASFALTOS
fechi
S.L.U.
Patrocinador oficial
986 333 112



# SAÚDA DO CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES, DIEGO CALVO, PARA A TERCEIRA EDICIÓN DO RALLYMIX SERRA DO ARGALLO FIGUEIRÓ TOMIÑO

A celebración do III Rallymix Serra Argallo Figueiró Tomiño constitúe unha nova mostra de que Galicia é terra de rallies, tal e como testemuñan preto de dúas mil licenzas federativas, máis de 70 escudarías competindo nas distintas especialidades e máis dunha ducia de pilotos de alto nivel representándonos nas principais citas do calendario.

A nosa comunidade continúa a ser un referente no automobilismo, tanto pola calidade das súas probas como pola paixón do público. Galicia acollerá este ano ata oito probas de diferentes especialidades automobilísticas puntuables para os correspondentes Campionatos de España. Tanto estas citas como as do calendario galego destacan pola súa excelente organización, pola elevada participación e pola gran resposta das persoas afeccionadas.

Malia a súa relativa xuventude, o éxito da modalidade de rallymix tamén dá conta da arraigada paixón galega polo automobilismo. Sobre circuítos curtos, e combinando asfalto e terra, esperta cada ano maior interese entre o público ao constituír un reto deportivo de primeiro nivel por esixir dos pilotos unha gran pericia e o dominio de ambas as superficies.

Hai que felicitar este Rally Serra Argallo Figueiró por ocupar xa un lugar destacado no Campionato Galego de Rallymix cando só leva dúas edicións disputadas. Sen dúbida, boa parte deste mérito hai que atribuírllo á escudaría A.D. Cantera Competición, que logrou que a proba fose elixida como a mellor do campionato xa na súa primeira edición.

Pero, ademais do seu interese deportivo, este rally supón un importante impulso dinamizador para Figueiró, para o concello de Tomiño e para toda a comarca do Baixo Miño. Por todo iso, só me queda animarvos a seguir medrando e reforzando o prestixio do automobilismo galego. Oxalá que desfrutemos dun grande espectáculo.


david gomez
654 495 161
Carpintería General Madera


café
DOLCE
VITA
Ramallosa

XUNTA
DE GALICIA

BMF

VEHÍCULOS DE OCASIÓN

Poligono A Pasaxe (Vincios-Gondomar) Tlf: 622644647 - 674792929

Mercedes-Benz SEAT Audi

**www.bmfmotor.com**

# Patrocinador principal





# SAÚDA PRESIDENTE
## RALLYMIX
## SERRA DO ARGALLO, TOMIÑO

### O motor que impulsa o noso territorio

A provincia de Pontevedra pode ser pequena en extensión, pero é inmensa na súa paixón polo deporte. As Rías Baixas, desde o litoral ata o interior, conforman un auténtico escenario deportivo ao aire libre no que milleiros de persoas viven e practican disciplinas de todo tipo. E nese territorio dinámico e efervescente, o automobilismo ocupa un lugar destacado.

Coa chegada da primavera, as nosas estradas volven encherse de cor, de expectación e de afección. O ruxido dos motores convértese nun sinal inequívoco dunha cultura fondamente enraizada, que se expresa na habilidade dos nosos pilotos, no compromiso das escudarías e na entrega dun público fiel que ano tras ano fai das cunetas un punto de encontro. O RallyMix Serra de Argallo, en Tomiño, chega á súa terceira edición consolidado como unha proba de referencia, reforzando o seu lugar dentro do calendario galego e demostrando a súa capacidade de medrar e atraer.

O apoio ao deporte é un dos sinais de identidade da Deputación de Pontevedra. Traballamos por fortalecer o tecido deportivo, acompañando a deportistas, clubs e entidades, e impulsando iniciativas que fomenten o talento e a participación. Programas como +Talento Motor, xunto coas liñas de axuda a eventos e o investimento en infraestruturas deportivas, son exemplo dun compromiso firme cun modelo que entende o deporte como motor de desenvolvemento, cohesión e proxección.

Pero esta cita vai máis aló da competición. O RallyMix é tamén unha oportunidade para poñer en valor o noso territorio, a súa riqueza natural e patrimonial e para seguir consolidando a provincia como un destino turístico sustentable ligado á cultura e ao deporte. Eventos como este contribúen a descentralizar a actividade e a descubrir os moitos tesouros que agocha o noso interior.

Por iso, convidamos a veciñanza e visitantes a achegarse a Tomiño os días 29, 30 e 31 de maio para vivir de preto unha experiencia única. Un espectáculo deportivo de primeiro nivel nun escenario privilexiado.

Desfrutemos do motor, desfrutemos da provincia do deporte e desfrutemos do RallyMix de Tomiño.

**Luis López Diéguez**
**Presidente da Deputación de Pontevedra**


DRADO
DESGUACES FIRO SL.
FIGUEIRAS: 630 184 751
MIGUEL: 663 526 203
Polígono A Pasaxe - Vincios - Gondomar
e-mail:dfiro@yahoo.com

Deputación
Pontevedra


OVOS DE CANLLAS
Galiñas Campeiras
FIGUEIRÓ



Deputación Pontevedra

## Saúda da Vicepresidenta da Deputación de Pontevedra e deputada de Deportes,

# Luisa Sánchez,

## para o Rallymix Serra do Argallo

É para min unha honra poder dirixirme a todas e todos vós con motivo da celebración do Rallymix Serra do Argallo, unha proba que se consolida como unha das citas destacadas do calendario deportivo da nosa provincia.

A nosa terra conta cunha tradición automobilística fondamente arraigada, cunha afección entregada que converte cada proba nun auténtico espectáculo, onde a emoción, o respecto e o espírito deportivo se viven con intensidade en cada curva.

Ademais, o deporte do motor é sinónimo de paixón, esforzo e superación, valores que tamén definen á nosa provincia e á súa xente.

Desde a Deputación de Pontevedra seguimos a apostar polo deporte como ferramenta de promoción do territorio. E este evento pon en valor o talento dos e das participantes, pero tamén serve como escaparate privilexiado da riqueza paisaxística e cultural de Tomiño e da contorna da Serra de Argallo.

Quero aproveitar para agradecer o compromiso de todas as persoas implicadas na organización, así como o entusiasmo do público que sempre é unha parte esencial do éxito de cada competición.

Probas como esta son un claro exemplo de que o traballo conxunto entre institucións e organizacións fai posible eventos de calidade.

Deséxolles moita sorte a todas as persoas participantes e animo a veciñanza e visitantes a gozar da competición.

Un cordial saúdo,

**Luisa Sánchez**
**Vicepresidenta da Deputación de Pontevedra**



# FONTEFLOR
Distribuidores de Flor

ALMACÉN E PRODUCCIÓN

699 865 317

DISTRIBUCIÓN E COMERCIALIZACIÓN

638 311 116
634 786 683

Barrio Fonte, 12 Figueiró
36792 Tomiño

fonteflorfigueiro@gmail.com

PRODUCCIÓN E DISTRIBUCIÓN DE FLOR CORTADA



Tomiño
CONCELLO

# Saúda
## SANDRA GONZÁLEZ
### - ALCALDESA DE TOMIÑO -

É unha grande satisfacción darvos a benvida a unha nova edición do RallyMix Serra do Argallo Figueiró – Concello de Tomiño. Esta terceira edición confirma a consolidación dunha proba que xa forma parte da identidade deportiva do noso municipio e que medra ano tras ano en participación, organización e seguimento.

O RallyMix non é só unha cita co motor; é tamén unha oportunidade para amosar o potencial do noso territorio. A Serra do Argallo convértese durante estes días nun escaparate da nosa paisaxe, da nosa capacidade organizativa e da hospitalidade da nosa veciñanza. Deporte, natureza e convivencia únense nun evento que dinamiza a economía local e proxecta a imaxe de Tomiño máis alá das nosas fronteiras.

Desde o Concello seguimos apostando por un modelo de eventos sostible e responsable, no que a seguridade, o respecto polo entorno e a colaboración entre administración, organización, voluntariado e afección sexan piares fundamentais. O éxito desta proba é froito do traballo conxunto e da paixón compartida polo automobilismo.

Quero trasladar o meu agradecemento a todas as persoas e entidades que fan posible esta competición, así como desexarlles moita sorte aos equipos participantes. Á afección, animovos a vivir intensamente cada tramo, a apoiar con deportividade e a gozar dunha fin de semana que volve situar a Tomiño no corazón do motor galego.

Benvidas e benvidos a Tomiño. Que teñamos unha magnífica edición!

ASR
Tyres & Motorsport



Tomiño
CONCELLO

# PATROCINADOR PRINCIPAL

JP SELECTION CARS

T. 623 25 57 88

CARRETERA DE CAMPOSANCOS, 283
CORUXO - VIGO






Tomiño
CONCELLO

# Saúda

## RUBÉN GARCÍA
## - CONCELLEIRO DEPORTES -
## TOMIÑO

O deporte e as iniciativas que nacen do compromiso da veciñanza son unha parte fundamental da vida dos nosos concellos. Eventos que combinan paixón, traballo colectivo e capacidade de organización contribúen non só a dinamizar o territorio, senón tamén a reforzar o orgullo de comunidade e a poñer en valor o noso entorno.

É unha honra poder dirixirme, un ano máis, a todas as persoas que fan posible o **III Rally Mix Serra de Argallo Figueiró - Tomiño,** unha proba que chega á súa terceira edición consolidándose como unha cita deportiva e social de referencia no noso concello.

Eventos coma este demostran a importancia do asociacionismo e do traballo colectivo. O esforzo da organización, das persoas voluntarias e das entidades colaboradoras fai posible que Tomiño acolla unha competición que non só promove o deporte do motor, senón que tamén dinamiza o noso territorio, atrae visitantes e xera actividade arredor dun evento que cada ano medra en participación e en interese.

Dende o Concello de Tomiño seguimos apostando por apoiar iniciativas que nacen do compromiso da veciñanza e das entidades deportivas, porque entendemos o deporte tamén como unha ferramenta de convivencia, participación e promoción do noso municipio.

Quero trasladar o meu recoñecemento a todas as persoas que fan posible esta proba e desexarlle moita sorte ás escuderías e pilotos participantes. Que esta terceira edición do Rally Mix Serra de Argallo Figueiró - Tomiño sexa, unha vez máis, un éxito organizativo e un gran espectáculo para todas e todos.

Moita sorte para todos os participantes e que gocemos dunha gran xornada de motor en Tomiño.


Muros y obra pública
ROAL
Excavaciones SL
Telf.:669 411 800
voaltrans@hotmail.com
36380 GONDOMAR


CAFÉ BAR VINCIOS




# Saúda

## COMUNIDADE DE MONTES DE FIGUEIRÓ

Pasa o tempo á velocidade dun rally e o que comezou como unha proba automobilística coa intención de ver o seu resultado e acollida leva xa celebradas tres edicións.

Co paso dos anos, esta competición foise consolidando ata converterse practicamente nun clásico dentro do deporte galego do motor na nosa comunidade autónoma, reunindo cada vez máis afeccionados e participantes que comparten a paixón polo automobilismo e polo noso territorio.

Desde a Comunidade de Montes en Man Común de Figueiró queremos expresar o noso sincero agradecemento á organización, especialmente a Cantera Competición, polo interese, esforzo e dedicación que teñen demostrado para que esta proba, que se desenvolve no noso concello, continúe medrando e mantendo vivo este evento deportivo.

Queremos tamén recoñecer e agradecer a colaboración e comprensión dos veciños e veciñas de Figueiró e Soutelo, que ano tras ano contribúen co seu apoio para que a celebración do Rally Mix sexa posible, demostrando unha vez máis o espírito de colaboración e compromiso coa nosa terra.

Do mesmo xeito, trasladamos o noso agradecemento ao Concello de Tomiño pola súa implicación e apoio institucional neste evento, xa que sen a súa colaboración e compromiso sería moito máis difícil levar adiante unha iniciativa destas características.

Eventos como o Rally Mix Serra do Argallo non só promoven o deporte do motor, senón que tamén contribúen a dar a coñecer o noso entorno natural, dinamizar a vida social e fortalecer o sentimento de comunidade entre veciños e visitantes.

Agardamos que esta nova edición sexa, unha vez máis, todo un éxito tanto no deportivo como no organizativo, e desexamos moita sorte a todos os participantes, así como que o público poida gozar dunha xornada de convivencia, espectáculo e paixón polo motor.

Moitas grazas e benvidos ao Rally Mix Serra do Argallo 2026.

**Xunta directiva CCMM Figueiró**



*“O automovilismo, a nosa paixón”*
**Buxa Motor**

escudería BuXa · escudería BuXa · escudería BuXa · escudería BuXa · escudería BuXa ·
motor poio · motor poio · motor poio · motor poio · motor poio · motor poio ·



# Saúda

## MARCOS MARTÍNS

### PRESIDENTE

### - ESCUDERIA CANTERA COMPETICION -

Marcos Martins, na súa condición de presidente da escudería Cantera Competición, quere trasladar o seu agradecemento a todas as persoas e entidades que fixeron posible a celebración do III Rallymix Serra de Argallo Figueiró, Concello de Tomiño.

En primeiro lugar, desexa recoñecer o esforzo e a participación de todos os equipos e concursantes, verdadeiros protagonistas desta proba deportiva. A súa presenza, competitividade e compromiso co automobilismo son fundamentais para que eventos coma este continúen medrando e consolidándose dentro do calendario deportivo.

Do mesmo xeito, quere expresar o seu agradecemento ás institucións públicas e entidades colaboradoras que apoiaron a organización do evento e facilitaron a súa realización. En particular, á Comunidade de Montes de Figueiró, ao Concello de Tomiño, á Xunta de Galicia e á Deputación de Pontevedra, polo seu respaldo e pola súa aposta por iniciativas que fomentan o deporte do motor e dinamizan o territorio.

Cómpre tamén destacar a imprescindible colaboración das empresas patrocinadoras e colaboradoras, cuxa implicación e confianza permiten facer realidade unha proba destas características e contribúen ao seu crecemento ano tras ano.

Finalmente, Marcos Martins quere facer unha mención moi especial a todas as persoas voluntarias e colaboradoras que, co seu traballo, dedicación e responsabilidade, fixeron posible que a proba se desenvolvese con total seguridade e cunha organización á altura das expectativas.




Desde a escudería Cantera Competición, reafírmase o compromiso de continuar traballando con ilusión e responsabilidade para seguir mellorando esta proba e consolidar o Rallymix Serra de Argallo Figueiró, Concello de Tomiño como unha referencia dentro do automobilismo galego nas vindeiras edicións.


CANTERA
COMPETICIÓN
.Com



# Saúda

## ANTONIO RODRÍGUEZ TROITIÑO
### PRESIDENTE
### - FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO -

É para min unha enorme ledicia e un auténtico orgullo poder dirixirme a todos vós con motivo desta proba. Contar co Rallymix Serra de Argallo dentro do calendario do Campionato Xunta de Galicia de Rallymix é un privilexio para todos nós, pois esta proba representa á perfección a paixón, o compromiso e o amor polo automobilismo que se respira en cada recuncho da nosa comunidade.

Non é casualidade que esta cita fose galardoada de forma xusta e merecida como a mellor proba do campionato no ano 2024, o da súa estrea. Este recoñecemento é o froito directo do traballo incansable de Cantera Competición, que demostra unha capacidade de esforzo encomiable. O voso afán de superación fai que a proba mellore ano a ano, elevando constantemente o nivel organizativo e deportivo.

Chegar a esta terceira edición non só consolida ao Rallymix Serra de Argallo no panorama do motor galego, senón que reafirma o éxito dun proxecto nado da ilusión e do traballo en equipo. É o momento de celebrar o camiño percorrido e de gozar do espectacular trazado que, unha vez máis, porá a proba a pericia dos nosos pilotos e copilotos

Porén, para que a festa do motor sexa completa, debemos lembrar sempre que este é un deporte onde a seguridade é a nosa máxima prioridade. Quero facer un chamamento especial e directo a todo o público asistente para que extreme as precaucións, respecte escrupulosamente as zonas de seguridade e colabore en todo momento coas indicacións dos comisarios. Eles traballan de forma altruísta para ser os garantes da nosa protección; o voso respecto cara ao seu labor e cara ás normas é fundamental para que todos poidamos gozar do espectáculo sen sobresaltos.

Sen máis, só me queda desexarvos a mellor das sortes nesta ansiada terceira edición. Que os equipos alcancen as súas metas deportivas, que a organización vexa recompensado todo o seu enorme traballo cunha fin de semana impecable, e que a afección viva con intensidade e responsabilidade a maxia das carreiras. ¡Vémonos no Rallymix Serra de Argallo!

Moita sorte.

**Antonio Rodríguez Troitiño**


AUXILIO EN CARRETERA
GÓMEZ
C/ Portugal, 5 - 3ºB
(36380) Gondomar
986 363 905 - 629 887 099
auxilio.carretera.gomez@gmail.com
SERVICIO 24 HORAS




Comercial
# BUGARIN
ELECTRODOMÉSTICOS - FERRETERÍA

**FERRETERÍA:**

Abelenda - Pontellas 2
O Porriño - 36412 Pontevedra
Telf.: 986 335 169

**TALLER Y EXPOSICIÓN:**

C/ Generoso Domínguez - 174 (Cela)
Mos - 36415 Pontevedra
Telf.: 986 687 708




comercialbugarin@yahoo.es

# Artigo 2.2.
# - Comité de Organización: -

*Presidente:*

**D. Marcos Martins Garbín**

*Vocais:*

**D. José Ramón Seoane González**
**D. Carlos Pampillón Cancelas**
**Dna. Patricia Rodríguez Centeno**
**D. Higinio Figuelras Fernández**
**Dna. María José Alfonso Paz**

*Secretario:*

**D. José Carlos Figueiras Fernández**

*Dirección da Secretaría do Comité Organizador:*
Rúa Belesar Urgal, nº 66
C.P. 36307 Cidade Baiona, Provincia Pontevedra.
Teléfono: 630 184 751

*Páxina web:* www.rallymixserradoargallo.es
*E-mail:* rallymixserradoargallo@gmail.com

REGULAMENTO PARTICULAR 3º RALLYMIX SERRA ARGALLO FIGUEIRÓ TOMIÑO

**ARTIGO 1.- PROGRAMA.**

| Data | Horario | PROGRAMA | LUGAR |
|---|---|---|---|
| Luns 23-3-26 | 10:00 | Apertura de inscricións (pilotos inscritos Campionato Galego). | zona privada da plataforma PODIUM |
| Luns 30-3-26 | 10:00 | Apertura de inscricións (resto de pilotos). | |
| Luns 25-5-26 | 20:00 | Peche de inscricións | zona privada da plataforma PODIUM |
| Mércores 27-5-26 | 18:00 | Publicación lista de inscritos | En las webs: [illegible] [illegible] |
| Venres 29-4-26 | 18:15 a 21:00 | **Verificacións Administrativas e entrega documentación (Voluntarias):** | Camión no parque de Traballo |
| | 18:30 a 21:30 | **Verificacións Técnicas (Voluntarias):**<br>**Mesa A:** Carcross<br>**Mesa B:** Resto | Carpa no parque de Asistencia |
| Sábado 30-5-26 | 8:00 a 11:00 | **Verificacións Administrativas: e entrega de documentación**<br>Distribución da folla para os recoñecementos libres.<br>**Mesa A:** Carcross<br>**Mesa B:** Atmosféricos<br>**Mesa C:** Turbos | Camión no parque de Traballo |
| | 8:15 a 11:15 | **Verificacións Técnicas:**<br>**Calle A:** Carcross<br>**Calle B:** Atmosféricos<br>**Calle C:** Turbos | Carpa no parque de Traballo |
| | 11:15 a 12:45 | **Recoñecementos. Conforme a normativa RallyMix**<br>Daráselle un máximo de tres pasadas os carrozados, SSV e catro os non carrozados, máximo 60 Km/h<br>Terase que ter pasadas as verificación administrativa. | Treito cronometrado |
| | 13:00 | Publicación lista vehiculos autorizados a toma-la saída. | Taboleiro de avisos |
| | 13:10 | Breefing no parque de traballo | Parque Traballo |
| | 13:57 | Hora presentación do 1º participante no parque de presaída. Según Publicación | Taboleiro de avisos |
| | 14:00 | Saída 1º participante 1ª pasada | Treito Cronometrado |
| | A continuación | Saída 1º participante 2ª pasada | |
| | A continuación | Saída 1º participante 3ª pasada | |
| Domingo 31-5-26 | 8:30 | Saída 1º participante 4ª pasada | |
| | A continuación | Saída 1º participante 5ª pasada | |
| | A continuación | Entrada parque Custodia | Parque Custodia |
| | 12:35 | Publicación de resultados | Taboleiro de Avisos |
| | 13:45 | Entrega de premios e trofeos | Praza do Telleiro |
| | 14:15 | Roida de prensa dos vencedores de cada Agrupación (6) | |

Nota: Levantamento vehiculos parque pechado fin de rally. Habilitado: Ós trinta minutos da publicación oficial da clasificación. Por ilo, ao devir en firme a mesma, autorizase a tódolos participantes a sacalos vehiculos, sen ter que esperar ás entregas de premios.

CERRAJERÍA

DA ROCHA NANDE

PUERTAS AUTOMÁTICAS

SOLUCIONES EN HIERRO

Y ALUMINIO SOLDADO

Teléfs.: 986 350 162 - 607 200 906

Rúa da Laxe, 49 - Parada (NIGRÁN)

e-mail: puertasautomaticasdarocha@gmail.com

Victor Vila
Construcciones
Fraga, nº 15B. Vincios • Gondomar
636 850 748

PÍNTEGA
xardíns

JACOBO 664 866 178



DESBROCES Y EXCAVACIONES
LUCKY

*TRABAJOS AGRÍCOLAS EN GENERAL*
*VACIADO DE FOSAS SÉPTICAS AUTORIZADO*

San Benito N12
Tomiño

Móvil: 661 418 482
671 516 098

DEPORTE
GALEGO


EXCAVACIONES Y SERVICIOS
NANDO
excavacionesyserviciosnando@gmail.com
Tlf.: 609 05 1007


TOEXTRA
TOMIÑESA DE EXCAVACIONES Y TRANSPORTES
toextrasl@hotmail.com
T. 986 633 908 - 660 491 226 - 697 155 128


Trasteros
Guarderia de
Caravanas
Invernaje de
embarcaciones
TODOXUNTO
Almacenes
Desguace

630 184 751


Plaza
do Telleiro
Parking
Público 2
Área de lencer
Agua
Mesas
Asadores
Entrega
Premios
Meta
Verificacions
Administrativas
E
Tecnicas
Asistencias
Parking
Plataformas
Parking
Público 1
Equipos
Vip
Oficina
Permanente
Parque
Custodia
Saida
Heliporto
Dirección de
Carreira

# Café - Taberna - Tenda Exprés



# Laura

Estrada de Zamáns 219.
Telf.986 468 365
Móvil.670 062 376



BUGUS PASAXE
Polígono de a pasaxe n°2
Vincios
Tlf 986465258



HOTEL RESTAURANTE

# Nueva Colina

AIRE ACONDICIONADO

986 622678 - 986 623402

PRAZA DO SEIXO, 5 • 36740 - TOMIÑO (Pontevedra)

www.nuevacolina.com • e-mail: hotel@nuevacolina.com


BAR - RESTAURANTE
SANATORIO DO ALBA
S.A.
EST. 1963
ASADOR
ESPECIALIDAD EN CARNES
Y PESCADO A LA BRASA
Tel. 986 06 05 98
Ctra. Monte Alba, 240
Valladares - VIGO


AMF
MOTORSPORT
DISTRIBUIDOR PIRELLI MOTORSPORT GALICIA
MEIRA MOTORSPORT, S.C.G.
Lg. Pereiro · Xinxo · Ctra. N-120 Km. 647
36891 · PONTEAREAS
Tel./Fax: 986 640 715 · Móv.: 607 930 393
E-mail: amfmotorsport@hotmail.es


BAR
vaya
punto
A. Ordóñez, 12
Goyán-TOMIÑO
Telf.: 629 794 300


FURANCHO
OS DA RIANXEIRA
BEMBRIVE
OLLO! SEMPRE
GAITEIROS!!!
SEMPRE ABERTO
POR SAN BLAS

Lagar

PEDREGALES

-BODEGA Y VIÑEDOS-




Crta.General Tui- A Guarda
36792 Figueiró-Tomiño (Pontevedra)
Tel: 986620127- Móvil: 629884597

LAGAR PEDREGALES
LP
LAGAR PEDREGALES





# ALUTEC

Carpintería de Aluminio, S.L.

Carretera Vincios - Gondomar
Hervillás, 63 - 36316 Gondomar
www.aluminiosalutec.es

Teléfonos: 986 46 50 96
626 48 26 28
E-mail: alutecsl@yahoo.es


CAFE-BAR
ROBLEDO
PRADO, Subida Aloya, Gondomar
Telf. 986 36 95 22


SERRAÇÃO RODRIGUES, LDA
Serração de Madeiras, Venda de Vigamentos, Confragens, Soalhos
Forros Aparelhados e Lenha
Tlf. Establ. 251 795 447
Tlm: 964 762 333
E. N. 302 | n.40 - 4920 -020 Candemil V.N. Cerveira


KE PERSIANAS
Persianas do Atlántico 2009 S.L.
TOLDOS
PERSIANAS
ESTORES
MOTORIZACIONES
VISITE NUESTRAS
INSTALACIONES EN:


neumáticos
Seixo
mecánica
Carlíder

Café - Bar
**Waka - Waka**
Avda de Castrelos, 167
: 986 161 633

**Aluminios GONDOMAR**
SISTEMAS AVANZADOS EN CARPINTERÍA

Pol. Industrial A Pasaxe, 49 - Vincios
36316 Gondomar
**T. 986 360 186**
al.gondomar@gmail.com




7650 JKH

PROHEMIO9
CONSTRUCCIÓN Y REHABILITACIÓN

Do Alba

Mecánica y Lavados



- Mecánica rápida
- Ruedas nuevas y usadas
- Electricidad
- Pre I.T.V.

- Lavado turismos
- Lavado furgonetas
- Pulido de faros
- Pulido completo

Ctra. Valladares, 372
(Al lado cafetería Hermi)

Telfs.: 986 46 81 25
604 06 52 34

ROYALTY

COOFEE & BEER

Avda de Castrelos, 244

: 986 853 561


Revestimientos
EGABI
Yeso - Mortero - Sate
Mortero Acrílico


Deputación Pontevedra
XUNTA DE GALICIA
DEPORTE GALEGO
Tomiño
Deputación Pontevedra
XUNTA DE GALICIA
3
1
2




Restaurante

Baixada Laxe, 5

Freixeiro, 36213 Vigo

Pontevedra

+34 630 57 35 37

# Rosquillas Cristaleiro

www.rosquillascristaleiro.com

# GONDOMAR




A Cova
da Santa
Tapería-Asador

## OS PILOTOS DA ESCUDERIA:



J.C.Figueiras

Alvaro García

## OS PILOTOS DA ESCUDERIA:



Miguel Figueiras

David Simons

Casa Telleiro

CASA DE COMIDAS | ASADOR

FIGUEIRÓ / SAN CAMPIO



Calle Iglesia . nº 11 . 36792 . Figueiró . Tomiño . Pontevedra

Casa Telleiro



ESPECIALIDAD EN

# Carnes y pescados

A LA BRASA

TLF. RESERVAS . 986 621 298

FIGUEIRÓ / SAN CAMPIO

Calle Iglesia . nº 11 . 36792 . Figueiró . Tomiño . Pontevedra


Saneamientos
Pavimentos y Revestimentos
Griferías
Mamparas
Materiales de Construcción
en general
PRESUPUESTOS
SIN COMPROMISO
barreiro materiales
materiales de construcción
Polígono industrial A Pasaxe, 38
36316 Gondomar
Telf. 986 363 115
619 615 870
barreiromateriales@gmail.com


TALLERES SAN BENITO
Carrocería y Pintura
del Automóvil
A Pasaxe - Vincios
886 133 484
698 193 730


CAR WASH
& DETAIL
TRATAMIENTOS ESPECÍFICOS
EXTERIORES E INTERIORES
Rosalia De Castro 28 Bajo 36350 Nigran
Tel: 886 115 619 / 604 036 723

RAFAEL PIÑEIRO
680 417 234
ALBAÑILERÍA

rafaelpineiroalonsoreformas@gmail.com


Cerámica
Belén Soto
Proveedor Oficial Trofeos Rallymix
Avenida Ramón Nieto nº 23 - 36205 Vigo
www.ceramicabelensoto.com
info@ceramicabelensoto.com
629 826 977

CEM
Cerrajería el Milagro

CONSTRUCCIÓN DE ESTRUCTURAS METÁLICAS
PANEL SANDWICH - PUERTAS - AUTOMATISMOS - REJAS
BARANDILLAS - REPARACIÓN DE APEROS AGRÍCOLAS

646 563 410 - 986 62 26 19
cemcerrajeria@gmail.com

Ctra. Tomiño – Gondomar
Barro, 50 - 36740 Tomiño • PONTEVEDRA

## OS PILOTOS DA ESCUDERIA:



Jose Prado

Patricia Centeno

## OS PILOTOS DA ESCUDERIA:



Manuel Martins



- MONTAJE PARA COMISIONES DE FIESTAS Y PARTICULARES
- PIROTECNIA RECREATIVA PARA FIESTAS INFANTILES, CUMPLEAÑOS, BODAS Y CELEBRACIONES ...
90 años desde 1934
TALLER DE PIROTECNIA
Argimiro Alborés
desde 1.934
Rúa da Candosa, nº 20 - Camos - 36360 (NIGRÁN) - Pontevedra - Telf.: 986 35 46 47 - Móvil: 607 35 46 47
info@pirotecniaargimiroalbores.com - www.pirotecniaargimiroalbores.com

# Tomiño

Granxola, 13 - ESTÁS
36746
Tomiño (Pontevedra)



CEMENTOS OZORES, S.L.

Avda. Brasil, 19
Teléfono: 986 620 077
GOIÁN (Pontevedra)
administrador@cementosozores.com

GALETRI SL

INSTALACIONES ELÉCTRICAS

LG. VINCIOS – XIÁN 32, GONDOMAR, PONTEVEDRA, SPAIN 36316
DESCRIPCIÓN:
GALETRI, SL
TELÉFONO: 986363355 — 670884675

EMAIL: GALETRI-GALETRI@HOTMAIL.COM

CONSTRUCCIONES
RÚSTICO

- REFORMAS
- PROYECTOS
- CUBIERTAS
- CANTERÍA
- PINTURA

RÚA SALGUEIRA Nº 14
CAMOS · NIGRÁN 36360

696 105 356

# OS PILOTOS DA ESCUDERIA:




Juan Carlos Alonso Salgueiro

Maria Jesús Casal Barros

# OS PILOTOS DA ESCUDERIA:




Gerardo Ferreira Coello

Anxo Ferreira Lago


FIRO PARK
ALQUILER DE PLAZAS
GUARDERÍA DE AUTOCARAVANAS,
CARAVANAS, EMBARCACIONES...
630 18 47 51
663 52 62 03
POLIGONO INDUSTRIAL A PAXASE
VINCIOS-GONDOMAR-PONTEVEDRA

**REPARACIÓN GENERAL**
**CHAPA, PINTURA**
**Y MECÁNICA**

Talleres NEMESIO




**AREAS - ATRIO - TUI**
**986 601 986 - 607 557 777**
**talleres_nemesio@hotmail.com**


Cafetería - Restaurante
CONCORDIA
MENÚ DEL DÍA
CARNES, PESCADOS Y MARISCOS
Playa América · NIGRÁN
Teléfono 986 35 31 25 · Móvil 625 968 147

VÆR AIRE

Equipo
PRADO COMPETICION

Equipo de rallyes asfalto.
Colaborador con
II rallymix Serra Argallo Figueró
Concello de Tomiño

AUXILIO EN CARRETERA
GÓMEZ

ProSamy
EPI y Vestuario Laboral

SIL VERTICAL

616 984 381

www.silvertical.es






**DESGUACES FIRO**

630 184 751 - 663 526 203

VINCIOS - GONDOMAR

CASA CUÑA
HOSTAL RESTAURANTE
CASAL, 2. TEBRA
639 854 663

CAFETERÍA CHURRASQUERÍA

ESPECIALIDAD EN PAELLAS

CARNES A LA BRASA

# NOVO ARROIO

**www.churrasquerianovoarroio.com**

Teléfono: 986 62 31 22 – Telf. Móvil: 650 497 142

Ctra. General Tuy – La Guardia, Km 43

ESTÁS – TOMIÑO (Pontevedra)

Café Bar y bocadillos

RIO FRIO

Vincios Gondomar

Telef. 693626864



Fabricación y Recuperación de Palets

# Maderas Covelo, S.L.

COMPRA - VENTA DE PALETS

C.I.F.: B - 36.785.699

Ctra. Porriño - Gondomar Km .14 VINCIOS • 36316 Gondomar

**Telf. y Fax 986 36 34 34 • Telf. móvil: 637 460 109**

**e-mail:maderascovelo@hotmail.com**

SANTIAGO MARTINEZ

MATERIAL CONSTRUCCIÓN

LUGAR TERCIAS ,4
36380 Vilaza, Pontevedra
Teléfono: 986 36 07 31


XUNTA DE GALICIA
DEPORTE GALEGO

ESCUDERÍA

Rías Baixas

RIAS BAIXAS
ESCUDERIA
VIGO


CONXELADOS
Lugomar
982 80 50 90
conxeladoslugomar
@gmail.com
Avda. da la Coruña
145 B - 27003 LUGO


CONXELADOS
Tuimar
986 184 248
conxeladostuimar@
gmail.com
C. Casal Aboy Tui


CONXELADOS
Valmar
886 130 880
conxeladosvalmar@
gmail.com
Camño Cabreira 8
San Pedro da ramallosa

COCENUS

Providing Tailor Made Solutions

www.cocenus.com


Excavaciones
GONMAR
MUROS
EXCAVACIONES
CANALIZACIONES
KEVIN: 650 090 451
excavacionesgonmar@gmail.com


Ferretería
VALFER
986 46 71 89
Polígono Ind. A Pasaxe C1a
Zamáns nº44, Vincios, 36316
986 21 12 21
C/ Coruña nº52 bajo, Vigo, 36208
valfer@ferreteriavalfer.com
www.ferreteriavalfer.com
@ferreteriavalfer


Novo Bar
Lucia Rodriguez Alonso
Carregal de abaixo 8
Carregal - Tomiño
36791 Pontevedra
telf. +34 615 35 54 67
Bocatas, Hamburguesas y Sándwichs


MERENDEIRO
Monte
ALOIA
TELÉFONOS:
638892456
695478639
PARQUE NATURAL MONTE ALOIA


Servicio de
JARDINERIA Y MANTENIMIENTO
JOSE LUIS RODRÍGUEZ
JLR
JOSE LUIS
RODRÍGUEZ
DESBROCES A MANO,
CON TRACTOR
Y PODA EN ALTURA
Contáctanos: 676117034


4 VENTOS
4ventos
Café Bar
986 830 070
@4ventosbar
www.4ventosbar.es
4ventosbar@gmail.com
Ctra. Valladares, 412 (La Garrida) - VALLADARES - 36315 - Vigo

CAFÉ - BAR

Estanco

GONDOMAR

SERVIFREI

AlbaAuto

COMPRA Y VENTA DE VEHICULOS DE OCASIÓN

Polígono Industrial A Pasaxe 29 A
36316 Vincios-Gondomar

www.AlbaAuto.es

661.228.761

TABERNA

VAL DE TEBA

VAL DE TEBRA S.L.

SAN SALVADOR 29 - TOMINHO

986 62 41 53 - 986 62 41 46


GESTION Y TRATAMIENTO AMBIENTAL


ALBIGON
DECORACIÓN
pintura, escayola,
papel pintado y electricidad
Teléfono: 678 288 083




y punto.

**José Pérez Castro**

*Gerencia*

coperfi.es

***986 36 39 09***

***639 82 02 18***

***jose@coperfi.es***

P.I. A Pasaxe, 46 | Nave 8
36316 | Vincios | Gondomar



MADERAS
PORRIÑO


JOSEALVAREZ
PERFORMANCE
RECAMBIOS Y ELECTRÓNICA DE AUTOMÓVIL E INDUSTRIAL
REPROGRAMACIÓN ECU MOTOR, ABS, AIRBAG, CUADROS, REPROGRAMACIONES
LuK
DUGLAS
VARTA
EXIDE Baterías
DISTRIBUIDOR
Baterías FIAMM
Blue Star
DENCKERMANN Recambios
Nahir Álvarez 610 338 945 / José Á. Álvarez 678563212
recambiosjosealvarez@gmail.com

PORTO & AMERICA
Apartamentos
Telef.625065161


Café Pub
Tomiño




Barrio Igrexa, 4 - Sta. María de Tebra · 36746 TOMIÑO
Telf. 986 624 345 · Móvil 677 457 504
info@restaurantelascolinas.com · web: restaurantelascolinas.com




- Bodas
- Banquetes
- Primeras Comuniones
- Celebraciones de Empresa
- Habitaciones
- Piscina
- Locales Climatizados

DARDA
DEMOLICIONES

ADRINER
PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS




galfer.import@gmail.com
673.927.738/739






Automarca
Goián - Tomiño 986 62 00 09
especialistas en
ŠKODA
Audi
Vehículos nuevos, Km0 y ocasión - Mecánica y electricidad - Diagnosis electrónica
Chapa y pintura - Neumáticos y alineado - Aire acondicionado

Cafetería
UN@
Avda de Castrelos, 194
: 886 039 966

YACAR
RACING

+34676484647 yacarcross@ya-car.es



soldavigo

Maquinaria, consumibles, accesorios y complementos para soldadura: autógena, MMA, MIG/MAG, TIG, plasma, material de protección, abrasivos y productos químicos para la soldadura

José Manuel Abalde Iglesias
gerente

**Brandufe, 56B Vincios**
**36316 Gondomar - Pontevedra**

**676 355 758**
**986 363 285**

www.soldavigo.es
soldavigo@gmail.com


Talleres
DOMÍNGUEZ
986 36 82 87
Daniel y Óscar Domínguez Xesteira
Rúa Caracusta, 4 - Nigrán
taller-dominguez@hotmail.com





A Carla
Tapería



ALTO DA POUSA

www.altodapousa.com +34 626147080 info@altodapousa.com

KINCAR COMPETICION

# SEDE CENTRAL GALICIA (ESPAÑA)




AVENIDA VAL MIÑOR, 45, 36350 NIGRAN

628 885 606

678 616 644

KINCAR@KINCAR.ES